



MEMORIA RECTOR 2015

CAMPUS UDC≡UNIVERSIDADE SAUDABLE

Vicerreitorado de Responsabilidade Social

- Primeira reunión Universidade da Coruña Saudable, Sostible e Solidaria (US3) o 25 de marzo de 2014. Sen acta.
- **Aprobación do Campus UDC≡Universidade Saudable no Consello de Goberno de 28 de Novembro de 2014.**
- Programa Green Campus UDC 2014-2015 -Escola Universitaria de Arquitectura Técnica (EUAT) e Facultade de Ciencias da Saúde (FCS)-
https://www.udc.es/sociedade/medio_ambiente/GreenCampus/
- Programa Green Campus Facultade de Ciencias da Saúde (FCS) 2014-2015, <http://www.fcs.udc.gal/p/green-campus.html> (20 obxectivos), Memoria 2015 do Green Campus FCS <https://drive.google.com/file/d/0Byl7gLupad7QeTNHU1o5X3NTUkk/view> , detallada e na que constan:
 - Obxectivo 11.- Proxecto Universidade Saudable.
 - Obxectivo 12.- Xornada UDC Saudable.



- Obxectivo 15.- Sensibilización desde a FCS-UDC no ano 2015:
 - Obradoiro de Alimentación Saudable na FCS, Oficina de Medio-Ambiente (OMA), 16 de marzo de 2015.
 - Conferencia: Ciencia e Sociedade: non se nos ve pero estamos aquí, 26 de marzo de 2015.
 - Conferencia: Ciencia e Sociedade: Para qué sirve a mente, 15 de abril de 2015.
 - Curso de Compostaxe no Campus de Oza, Oficina de Medio-ambiente, 20 de abril de 2015.
 - Informe salvavidas, Alcer, 11 de maio de 2015.
 - II Xornadas de Investigación en Ciencias da Saúde, 13 de maio de 2015.
 - Limpeza da Praia de Oza, Oficina de Medio-Ambiente, 8 de xuño de 2015.
 - O poder da Ocupación, 10 de xullo de 2015.
 - I Xornadas de Promoción de Saúde de Terapia Ocupacional, 10-11 de outubro de 2015, en colaboración coa Liga Reumatolóxica Galega.
 - Medalla de ouro, 27 de outubro de 2015.
 - Moitas actividades previas na FCS entre 2009-2014 nestas líneas de promoción de saúde.



O obxectivo para a Memoria do ano 2016 é recoller todas as actividades realizadas nos centros universitarios relacionadas con Promoción de Saúde “in sensu lato”, así como integrar as memorias dos servizos e unidades que conforman a Comisión Técnica do Campus UDC≡Universidade Saudable (Deportes, Atención a Diversidade (ADI), Unidade de Prevención de Riscos Laborais (PRL), Oficina de Medio-Ambiente (OMA), (Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos (SAUE), Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV), Oficina de Igualdade de Xénero (OIX), Universidade Sénior, Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria, Gabinete de Comunicación, outros).

- Integración da Universidade da Coruña na Rede Española de Universidades Saudables (REUS) en xaneiro 2015, coordinación a cargo do Prof. Sergio Santos del Riego, Director do Campus UDC≡Universidade Saudable.
- Facebook Campus UDC≡Universidade Saudable, data 18 de febreiro de 2015, URL: <https://www.facebook.com/UDCcampussaudable/?ref=hl> (2400 contactos a día de hoxe)
- Presentación do Campus UDC≡Universidade Saudable en CUFIE o día 16 de maio de 2015 no contexto do curso “Xestión ambiental e sostibilidade na UDC: propostas de actuación”, Edificio Yoanna Capdevielle.
- Reunión REUS na Universidade de León no contexto da CADEP-CRUE o día 28 de maio. Acordos principais:
 - A rede convertirase en asociación, con entidade xurídica, co obxectivo de poder acceder a convocatorias de axudas para traballar dun xeito máis activo e poñer en marcha actividades coordinadas entre as universidades da REUS.



- Candidatura de Alacante para o Congreso Internacional da Red Iberoamericana de Universidades Promotoras de la Salud (RIUPS) en 2017.
- Declaración do 7 de outubro como Día da Universidade Saudable en España.
- Creación dun banco de recursos no que se recollan actividades saudables, sostibles e solidarias desenvoltas polas universidades REUS.



○

- Reunión Comité Ambiental UDC para avaliación continua Green Campus UDC (Programa Green Campus), Oficina de Medio-ambiente (OMA) o día 29 de xuño de 2015.
- Segunda reunión Universidade da Coruña Saudable, Sostible e Solidaria en sala 1 do Reitorado o día 22 de xullo de 2015. Asuntos tratados:



- Nomeamentos suxeridos polo Director do Campus UDC≡Universidade Saudable, Prof. Sergio Santos del Riego:
 - Delegada de A Coruña e Secretaria da Comisión Técnica: Prof^a. Inés Viana Moldes.
 - Delegada de Ferrol e Secretaria da Comisión de Apoio: Prof^a. Emma Rodríguez Maseda.
 - Consideracións sobre unidades e servizos que integran a Comisión Técnica do Campus UDC≡Universidade Saudable e outros representantes.
- Debate sobre a constitución e membros integrantes da Comisión de Apoio do Campus UDC Universidade≡Saudable.
- Etapas de implantación progresiva para a conformación do Campus UDC≡Universidade Saudable.
- Presentación do Programa Quérote Máis.
- Petición de datos para o Banco do Activos de Saúde do *Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad*.
- Petición de actividades e recursos UDC para o Banco de datos da REUS.
- Proposta para que a bolsa Green Campus FCS actúe tamén como bolsa Campus UDC≡Universidade Saudable.



- **Constitución da Comisión Técnica do Campus UDC≡Universidade Saudable o día 16 de setembro de 2015 na sala de xuntas da Reitoría.**
 - Constitución formal da Comisión Técnica do Campus UDC≡Universidade Saudable: Vicerreitora de Responsabilidade Social, Director do Campus UDC Universidade Saudable, Delegada de A Coruña/Secretaria de la Comisión Técnica, Delegada de Ferrol/Secretaria de la Comisión de Apoyo, responsable do gabinete de comunicación, Deportes, ADI, UPRL, OMA, SAUE, OCV, OIX, Sénior, SAPE, 2 estudantes..
 - Aprobación dos puntos e propostas da reunión do 22 de xullo de 2015, nomeamentos e a bolsa da OMA do Green Campus FCS actuará como bolsa Campus UDC Universidade Saudable, entre outros asuntos.

- **Asistencia ao V Encontro de Escola de Saúde Pública- Lazareto de Mahón os días 24 e 25 de setembro. Asuntos tratados:**
 - Declaración das universidades españolas a prol do comercio xusto e o consumo responsable.
 - Estratexias e políticas de saúde nas universidades: Etapas da implantación progresiva dos Campus UDC≡Universidade Saudable: *“Concienciación/Participación, Comunicación/Visibilización, Análise Saúde/Social, Novas actividades, Estruturación, Resultados/Avaliación, Memoria, Investigación, Publicación. Revisión Plan Estratégico/Apoio Económico. Actividades”*. Comisión Permanente, Comisión Técnica y Comisión de Apoyo. Na Comisión de Apoyo suxírese integrar a promoción de saúde “in sensu lato” nas competencias dos equipos directivos dos centros, moi especialmente nos vicedecanatos de calidade, dado que son políticas e programas basadas en evidencias.



- O campus como entorno saudable promotor de estilo de vida saudable nas Universidades españolas. A UDC es a 21 de 37 universidades que responde presentando o Banco de Recursos REUS-UDC.
- Pliegos de contratación como activos de saúde para mellorar as actuacións das subcontratas en clave promoción de saúde (restauración e alimentación saudable, máquinas vending, guarderías, xestión de residuos, entre outros).





Campus UDC≡Universidade Saudable
UNIVERSIDADE DA CORUÑA



- **Semana Saudable 5-9 outubro de 2015: Celebración por primeira vez en España do Día das Universidades Saudables o 7 de outubro. Programa:**



- Campus de Oza o día 5 de outubro: Avances en Nutrición, Saúde e Estilos de Vida no Século XXI, organizado pola Academia Española de Nutrición e polo Instituto de Ciencias da Saúde.




- Xornada na FCS o día 7 de outubro, día das Universidades Saudables en España:
 - Mesa Redonda: Presentación Campus UDC Universidade Saudable. Moderadora: Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social. Participantes: OCV, OIX, ADI, OMA, PRL, Servizo de Deportes, Universidade Sénior.
 - Conferencia: “Universidades Saudables: pasado, presente e futuro”. Prof. Carmen Gallardo Pino, Presidenta da REUS, Universidad Rey Juan Carlos.
- Oficina de Medio-ambiente (OMA) o día 7 de outubro:
 - Préstamo de bicicletas, entrega das primeiras 50 unidades no Pavillón de Estudiantes de Elviña.
 - Roteiro guiado desde o Campus de Elviña á Praza da Palloza (A Coruña).
- Facultade de Enfermaría e Podoloxía de Ferrol o día 8 de outubro:
 - Pegada Saudable, Ferrol, Murais coas “Visión sobre a Universidade Saudable”.
 - Camiñando pola Saúde, Campus de Esteiro, dende o Campus ata o Porto.
- Facultade de Ciencias da Saúde (FCS), Campus de Oza o día 8 de outubro:
 - Camiñando pola Saúde, Campus de Oza, dende o Campus ata a Praia de Oza.



- Oficina de Medio-ambiente (OMA) o día 8 de outubro:
 - Servizos centrais de investigación (ELViña). Presentación e entrega de horas ás novas persoas usuarias.
 - Charla: alimentos saudables da nosa hora, por Xan Pouliquen,, enxeñeiro agrónomo.
 - Visita práctica as hortas (Elviña).
- Facultade de Ciencias da Saúde, Campus de Oza o día 8 de outubro:
 - Photocall Saudable: Recollida de frases, imaxes: “A visión sobre a Universidade Saudable”.





- Difusión do Programa da Semana Saudable UDC entre tódalas Universidades Saudables Españolas (37).







- Galardóns Bandeiras Verdes FCS e EUAT, 13 de outubro de 2015.





- Envío do Banco de datos REUS-UDC: A UDC envía o Banco de datos REUS-UDC a Presidencia REUS a mediados de outubro 2015 (100 recursos/actividades).
- Envío do “*Banco de Datos ao Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad*”, finais de outubro 2015, cos datos das unidades, oficinas e servizos relacionados coa promoción de saúde para publicar na base nacional do ministerio.
- Asistencia ao Simposio Internacional sobre Medio ambiente e Saúde: novos retos de futuro, Hostal de Os Reis Católicos de Santiago de Compostela, os días 28 e 29 de outubro, organizada polo Prof. Francisco Peña, director do CEIDA, coa presenza de ponentes internacionais de gran nivel científico e prestixio, o evento xunto cos obxectivo de Nacións Unidas para 2030, permiten tomar conciencia sobre as inminentes consecuencias do cambio climático para o planeta, así como a necesidade de difundir e buscar aliados en ámbitos universitarios, municipais, autonómicos, nacionais e internacionais, solucións como os Programas Green Campus UDC e UVigo (Campus de Pontevedra) e o Campus UDC≡Universidade Saudable o Campus de Auga Convida da UVigo (Campus de Ourense), surxen fruto do sentir saudable, sostible e solidario que traduce o lema “*Pensar global, Actuar local*”.
- **Bandeiras Verdes FCS e EUAT (13 de outubro de 2015), os primeiros galardóns en España –xunto co Campus de Pontevedra da Universidade de Vigo, e entre os 12 primeiros en Europa da ONG internacional Asociación de Educación Ambiental e Consumidores (ADEAC).**
- **Programa Quérote Máis**, desde setembro/outubro 2015, en activo no Centro Universitario de Riazor (CUR). Asesoramento para a xuventude, polo que non nos podemos esquecer de facerlles chegar á nosa poboación universitaria a posibilidade de informarse, formarse e mesmo participar en actividades que teñan que ver coas temáticas que se identifican como as de maior interese nese rango de idade, e que se abordan desde o recurso,



que son: sexualidade, imaxe corporal e autoestima, convivencia, seguridade no uso das TICs e prevención de consumos, mantendo os principios de inmediatez, gratuidade, anonimato e confidencialidade.

- **Constitución da Comisión de Apoio o día 10 de novembro de 2015 na sala 1 da Reitoría.**
 - Representantes da maioría das facultades e escolas, departamentos da rama de Ciencias da Saúde (Ciencias da Saúde, Fisioterapia e Medicina) e de Educación Física e Deportiva e de representantes de grupos de investigación da UDC.
- Reunión REUS o día 25 de novembro de 2015 na Universidade Rei Juan Carlos. Acordos:
 - Novo Presidente REUS, Prof. Antoni Aquilo, Vicerreitor de Campus, Cooperación e Universidade Saudable da *Universitat de Illes Balears*.
 - Aprobación da creación da Asociación española de Universidades saudables co entidade xurídica e de seus Estatutos.
 - Aprobación de cuota por universidade de 400 euros/ano.
 - Exposición de liñas de traballo de nova xunta directiva nacional.
 - Outros temas de interese para os Ministerios, CRUE e Comunidades Autonómicas integradas na REUS.
- Curso de Voz, Unidade de Prevención de Riscos Laborais, 3 de decembro de 2015.



Contactos desde a Vicerreitoría de Responsabilidade Social e a Dirección do Campus UDC≡Universidade Saudable:

- Con responsables da Universidad de Vigo, Don Javier Rial e Don Román Lago. Avance de proposta de creación da Rede Galega de Universidades Saudables.
- Coa Vicerreitora de Estudantes, Cooperación e Responsabilidade Social da USC, Prof^a. María Dolores Álvarez Pérez. Avance de proposta de integración da USC na REUS e creación da Rede galega de universidades saudables.
- Con Decano da Facultade de Medicina e Odontoloxía da USC, Prof. Juan Gestal. Avance de proposta de integración da USC na REUS e creación da Rede Galega de Universidades Saudables.
- Cos Alcaldes de Santiago de Compostela, A Coruña e Ferrol.
- Con Director da Escola de Saúde Pública, Baiona-Oia, Talaso-Atlántico, Dr. Salvador Ramos Rey. Organización dunha xornada sobre cancro.
- Con responsable da Academia Española de Dermatoloxía, Prof^a. María Dolores Sánchez Aguilar-Rojas, da USC. Organización dunha campaña sobre prevención do melanoma.
- Con responsables da Academia Española de Nutrición e Sociedade Española de Nutrición. Organización das Xornadas de Nutrición da Semana Saudable, xunto con Instituto de Ciencias da Saúde.
- Con profesores/as de centros/escolas da UDC e outras institucións.



Propostas/suxerencias para o Equipo Reitoral para o ano 2016 desde a estrutura transversal que é o Campus UDC≡Universidade Saudable.

- Políticas de comunicación, concienciación e difusión da marca UDC como prioritaria a tódolos niveis, moi especialmente no Campus UDC≡Universidade Saudable (Reitor).
- Consolidación do Campus UDC≡Universidade Saudable (Vicerreitoría do Campus de Ferrol e de Responsabilidade Social). Regular funcionamento do Campus UDC≡ Universidade Saudable, Comisións Permanente, Técnica e de Apoio. Novas actividades. I Edición Reto Universitario Saudable (REUS). Posta en funcionamento do espazo asignado en CUR. Outros (estrutura, memorias, etc.).
- Proposta integración da “competencia nuclear de Promoción de Saúde” nos novos títulos da UDC o títulos en modificación e desburocratizar na medida das posibilidades os xa existentes (Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente).
- Proposta de Compra Verde e Consumo Responsable (entrega de Pliegues de Contratación doutras universidades en clave promoción de saúde- (Xerencia).
- Proposta Green Campus UDC 2020 (Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade).
- Proposta creación Alumni UDC (Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria).
- Proposta de mantemento do Clúster Galego de Saúde, ata valorar posibilidades nas diversas vertientes (Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación).



- Proposta de creación dun Servizo de Inspección Laboral e verificación nos diversos ámbitos (Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente).
- Propostas de potenciar e axudar a creación de novos grupos e unidades de investigación, visualización da mesma nos rankings e aportar novos espazos para a investigación. Establecer perfís profesionais universitarios en relación cos competencias de cada persoa e en función de rangos de idade (Vicerreitoría de Política Científica. Investigación e Transferencia).
- Outros.

A Coruña a 15 de marzo de 2016

Sergio Santos del Riego,

Director Campus UDC≡Universidade Saudable